

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE), PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO ESPECÍFICO DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL E APODERAMENTO DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO E AS SÚAS FAMILIAS PARA O EXERCICIO 2024

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Luciano Fernández Pintor, con DNI 10046766K, que actúa en nome e representación da **Federación Galega de Dano Cerebral** (en adiante **FEGADACE**), con NIF G70191051, en virtude da súa condición de presidente dela, nomeado de conformidade co disposto no artigo 27 dos estatutos como recolle o acordo adoptado pola Asemblea Xeral do 19/09/2020.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas



ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente, a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. FEGADACE, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro central de asociacións co número 2007-184-2, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con dano cerebral adquirido de Galicia e acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade declarada de utilidade pública pola Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia, de 20 de decembro de 2013, da figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5480.

As asociacións que se integran en FEGADACE son:

- Asociación de Dano Cerebral de A Coruña
- Asociación de Dano Cerebral de Lugo
- Asociación de Dano Cerebral de Vigo
- Asociación de Dano Cerebral de Ourense
- Asociación de Dano Cerebral de Compostela

FEGADACE ten como obxectivos:



- a) Apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral adquirido.
- b) Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o dano cerebral.
- c) Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias.
- d) Representatividade e incidencia política.

Ademais, traballa cos seguintes fins en canto ao apoio integral ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias:

- a) Valorar se as necesidades poden ser cubertas pola asociación.
- b) Valorar as capacidades de desempeño e recuperación funcional.
- c) Recuperar a capacidade funcional e conseguir unha maior autonomía persoal.
- d) Lograr a maior recuperación funcional e autonomía no día a día.
- e) Controlar os logros conseguidos e mantelos.

V. Que tanto a Consellería de Política Social e Igualdade como FEGADACE son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido a través dunha atención rehabilitadora integral que garanta a homoxeneidade, proporcionalidade e equidade, indistintamente da localidade de residencia da persoa con dano cerebral adquirido e da súa familia.

O Dano Cerebral Adquirido é un dos principais problemas de saúde pública, e é a primeira causa de discapacidade adquirida na idade adulta no noso país. Xera na persoa que o sofre unha ampla e variable combinación de problemas físicos, cognitivos, emocionais, condutuais e dificultades funcionais que implican unha redución no grao de participación e integración na sociedade, así como un empeoramento na calidade de vida da persoa con dano cerebral adquirido e da súa contorna máis próxima.



VI. Que en atención a esta necesidade, FEGADACE leva a cabo un proxecto específico de desenvolvemento persoal e apoderamento de persoas con dano cerebral adquirido, no exercicio 2024. O proxecto ten dúas liñas de intervención: contribuír á mellora da vida independente das persoas con dano cerebral adquirido, priorizando as residentes en zonas rurais e con necesidades de coidados de longa duración, e apoderamento destas persoas e das súas familias a través de accións formativas e divulgativas. Todas as actuacións desenvolvidas, recollidas na cláusula primeira, contribúen á garantía de que os coidados e apoios que reciben estas persoas e as súas familias son de calidade, e fomentando a transición na estadía destas persoas desde centros asistenciais cara a modelos familiares e comunitarios.

O dito proxecto ten un carácter especializado con respecto ás actuacións previstas no convenio asinado o 5 de xuño de 2024 financiado a través da concesión dunha subvención nominativa. No actual convenio hai un incremento das actividades previstas inicialmente dende a Entidade, que se materializa en accións na contorna comunitaria das persoas con dano cerebral e as súas familias, facilitando así proxectos de vida independentes e participación plena na vida comunitaria.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade FEGADACE para contribuír ao financiamento dun proxecto específico de desenvolvemento persoal e apoderamento de persoas con dano cerebral adquirido para o exercicio 2024 .

VI. Este proxecto goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar o réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e por razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. FEGADACE é a única entidade en Galicia que dispón da infraestrutura necesaria e polo tanto, a única entidade habilitada para a realización das actuacións obxecto deste convenio.



Así mesmo, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prevé por razóns de interese público a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais, cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta, a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, así como o feito de que FEGADACE é a única entidade en Galicia que pode desenvolver este proxecto, fai que non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características das actuacións que se van financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, e a exclusividade do proxecto, se consideren razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento dun proxecto específico de desenvolvemento persoal e apoderamento de persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actuacións subvencionables.*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade mediante a concesión directa dunha subvención, dos gastos de persoal e gastos correntes derivados do desenvolvemento dun proxecto específico de desenvolvemento persoal e apoderamento de persoas con dano cerebral adquirido, para o exercicio 2024.

O proxecto ten dúas liñas de intervención:



a) Contribuír á mellora da vida independente das persoas con dano cerebral adquirido, priorizando ás residentes en zonas rurais e con necesidades de coidados de longa duración, coas seguintes actuacións:

1º. Prestación de atención terapéutica de proximidade centrada nos ámbitos da logopedia e terapia ocupacional, priorizando persoas con dano cerebral adquirido residentes e procedentes do ámbito rural. As cinco asociacións federadas en FEGADACE son as encargadas de desenvolver estas actuacións.

2º. Apoio á mobilidade de persoas con dano cerebral en situación de alta dependencia e/ou emerxencia social e/ou con dificultades de desprazamento, que lles permita acudir aos servizos e programas das entidades e contribuír a mellorar a súa autonomía e calidade de vida.

b) Apoderamento das persoas e familias con dano cerebral adquirido a través a de accións formativas e divulgativas, coas seguintes actividades:

1º. Xornada anual sobre o dano cerebral orientada á vida independente e a autodeterminación das persoas con dano cerebral adquirido.

2º. Obradoiros formativos en auto coidados para persoas coidadoras.

3º. Curso formativo sobre apoio no fogar a persoas con dano cerebral adquirido.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coas actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto , ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.



b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver FEGADACE é de 81.527,84 euros.

Para o cumprimento das actuacións do proxecto que figuran na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **oitenta e un mil cincocentos vinte e sete euros con oitenta e catro céntimos (81.527,84€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **38.04.312D.481.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. FEGADACE terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar as actuacións que fundamentan a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización destas actuacións, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nestas cláusulas.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade como órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións que conforman o proxecto subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións que conforman este proxecto e nos lugares onde estas se realicen que é "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras



administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver FEGADACE.

SEXTA. *Inexistencia de relación laboral*

FEGADACE queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actuacións que conforman este proxecto. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ~~algunha~~ entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA. *Subcontratación*

FEGADACE é a beneficiaria directa da concesión da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 50 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas .

FEGADACE, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

OITAVA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades , aportando a documentación prevista na cláusula sétima do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiara , o cumprimento das súas obrigas tributarias,



coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. *Gastos subvencionables e xustificación*

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, que remata o **15 de decembro de 2024**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do proxecto, así como o gasto corrente directamente relacionado coas actuacións subvencionadas no marco do disposto no presente convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola persoa con capacidade suficiente da entidade beneficiaria. Este pagamento debe referirse ao gasto das actuacións realizadas que conforman o proxecto obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o pago das actuacións que correspondan ao proxecto a subvencionar, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.



Para gastos de escasa contía, por importes inferiores a 1.000,00 euros, poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións do proxecto obxecto da concesión da subvención a través deste convenio e, en todo caso, con data límite do 15 de decembro do 2024, ~~aportando~~ achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste proxecto, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas con discapacidade beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterá:

1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por FEGADACE.

4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións subvencionadas que conforman o proxecto obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€ deba ter solicitado FEGADACE.



6.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa **auditora de contas** inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegarase o **informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que, como mínimo, deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1.º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución deste proxecto, que se relacionan na cláusula primeira como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2.º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.

3.º Verificación do cumprimento do disposto en relación coas actuacións subcontratadas, no seu caso.

4.º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5.º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

6.º FEGADACE estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación



do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

7.º O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2025.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte de FEGADACE, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

DÉCIMA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións que conforman o proxecto que se subvenciona a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen ás actuacións subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou



recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións que conforman o proxecto obxecto de subvención, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, as actuacións que conforman o proxecto que se vai subvencionar a través do presente convenio que realizase FEGADACE dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade .

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas da publicidade*



O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas



no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes deste. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e

dúas persoas representantes de FEGADACE, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como ás súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa titular da Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinano as dúas partes comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O presidente de FEGADACE

Fabiola García Martínez

Luciano Fernández Pintor

